

21 FESTIVAL INTERNACIONAL DE TÍTERES DE REDONDELA

1-6 SETEMBRO
2020



21 FESTIVAL INTERNACIONAL DE TÍTERES DE REDONDELA

Memorial Juanjo Amoedo ~ do 1 ao 6 de setembro de 2020

PROGRAMACIÓN DE SALA

Martes, 1 de setembro.....

20.00h. Auditorio da Xunqueira. Eme2 Produções. Galicia. Obra: "Contacreques" +4

Mércores, 2 de setembro.....

20.00h. Auditorio da Xunqueira. Ángeles de Trapo. Andalucía. Obra: "Error 404" +12

Xoves, 3 de setembro.....

20.00h. Auditorio da Xunqueira. Cazando Gamusinos Teatro. Madrid. Obra: "Ay pera, perita, pera!" +4

Venres, 4 de setembro.....

21.00h. Auditorio da Xunqueira. Cinema Sticado. Galicia. Obra: "Pyka" +14

Sábado, 5 de setembro.....

21.00h. Auditorio da Xunqueira. Valeria Guglietti. Arxentina. Obra: "Sombra de cine" +7

Domingo, 6 de setembro.....

20.00h. Auditorio da Xunqueira. Tanxarina Títeres. Galicia. Obra: "A Galiña Azul" +6

Redondela é un escaparate. Expón: "Os Monicreques de Kukas"

Redondela rende homenaxe ós Monicreques de Kukas, histórica compañía galega con máis de 40 anos de carreira artística, e o Festival quere ser escaparate da súa traxectoria. Diferentes escaparates da vila de Redondela acollerán cartaces, monicreques ou elementos escenográficos que forman parte dos éxitos desta compañía.

Do 22 de agosto ao 7 de setembro.

Escaparates participantes: Prize, Barbería Juan Crespo, Fotografía & Audiovisual Cal-3, Librería La Imprenta, Foot on Mars, CopiCentro, Centroptica, Papelería Moliere, Disco-Tasca e Tien-21.

"Museo Carallás". Intervención urbana.

Diferentes artistas plásticos recollen nas súas pinturas o seu sentir e visión do mundo do Títere, convertendo a Alameda nun Museo de rúa.

Alameda. Venres, sábado e domingo de 12.00h. a 20.00h.

Artistas participantes: Beatriz Blanco, Pilar Fernández, Chelo Rielo, Ruth Rodríguez, Kiko Amoedo, Ángel Barros, Suso Ben e Xacobe Pérez.

~~~~~ PROGRAMACIÓN DE RÚA ~~~~~

Xoves, 3 de setembro. Aforo limitado, imprescindible dispor de máscara e entrada.

18.00h. Salgueiral. "Titiricircus" Tanxarina Títeres. 45'. Galicia

19.00h. P. da Xunqueira. "Caperucita Roja" Tropos Teatro de Títeres. 50'. Madrid

20.00h. Xunqueira-Alameda. The Turres Band. Itinerante. Música. 45'. Galicia

Venres, 4 de setembro. Aforo limitado, imprescindible dispor de máscara e entrada.

18.00h. Salgueiral. "¡Es la hora de la cachiporra!" Le Guignol Orthopédique. 45'. Madrid

19.00h. P. da Xunqueira. "Caperucita Roja" Tropos Teatro de Títeres. 50'. Madrid

20.00h. Casa da Torre. "Astronauta Sideral" Uxía Lambona e a Banda Molona. Música. 65'. Galicia

+ Os Monifates. Intervención urbana. Galicia

Sábado, 5 de setembro. Aforo limitado imprescindible dispor de máscara e entrada.

12.00h. Pista da Xunqueira. "Tolitates" Teatro Marionetas Trécola. 45'. Galicia

13.00h. Palco da Música. "Unha armadura con ferruxo" Títeres Cascanueces. 40'. Galicia-Cuba

17.30h. Alfonso XII-Ribeira. The Turres Band. Música. Itinerante. Galicia

18.00h. Pista da Xunqueira. "Tolitates" Teatro Marionetas Trécola. 45'. Galicia

19.00h. Salgueiral. "Primera luna llena del niño lobo" Le Guignol Orthopédique. 45'. Madrid

19.30h. Palco da Música. "Brinca Vai!" Paco Nogueiras. Música. 45'. Galicia

20.00h. Casa da Torre. "Las aventuras de la intrépida Valentina" Mutis Teatro. 60'. Castela-León

21.30h. Ribeira-Alfonso XII. The Turres Band. Música. Itinerante. Galicia

+ Fadunito Street Arts "La Gran Familia" Intervencións urbanas. Cataluña

Domingo 6 de setembro. Aforo limitado imprescindible dispor de máscara e entrada.

12.00h. Palco da Música. "A Familia unida" Mircromina Títeres. 45'. Galicia

12.30h. Salgueiral. "As paráboles de Pakolas" Pakolas. 45'. Música. Galicia

13.00h. P. Da Xunqueira. "Las aventuras de la intrépida Valentina" Mutis Teatro. 60'. Castela-León

18.00h. Palco da Música. "A Familia unida" Mircromina Títeres. 45'. Galicia

18.30h. P. Da Xunqueira. "Las aventuras de la intrépida Valentina" Mutis Teatro. 60'. Castela-León

19.00h. Salgueiral. "¡Es la hora de la cahiporra!" Le Guignol Orthopédique. 45'. Madrid

19.30h. Concello-Alameda. Fanfarria Brassica Rapa. Música. Itinerante. Galicia

20.00h. Casa da Torre. "Eu cocío, ti cocíñas?" Mamá Cabra. 50'. Música. Galicia

21.30h. Balcón do Concello. Fanfarria Brassica Rapa. Música. Galicia

+ Fadunito Street Arts "La Gran Familia" Intervencións urbanas. Cataluña

+ Troula "Psychodelia" Intervencións urbanas. Galicia

VENDA DE ENTRADAS E CAMISETAS

Só billeteira anticipada. Multiúso da Xunqueira. Do 18 ao 21 e do 24 ao 28 de agosto.

Horario de venda de entradas de rúa e camisetas: 10.00h.-14.00h.

Horario de venda de entradas de sala: 10.00h.-13.00h.

Non haberá venda de entradas durante o Festival.

Prezo único da entrada para calquera función de sala: 5 euros (aforo reducido)

Prezo único da entrada para calquera función de rúa: 1 euro (aforo reducido)

Prezo único das camisetas: 9 euros. Prezo único das chapas: 1 euro.

Non se aceptarán cambios nin nas entradas, nin nas camisetas, nin nas chapas.

As entradas de rúa venderanse coma máximo para 2 representacións por día por unidade familiar.

IMPRESINDIBLE para o/a espectador/a o uso da máscara e dispor de entrada en sala e rúa.

Os escenarios de rúa estarán delimitados e con control de acceso.

Escenarios de rúa: Casa da Torre, Salgueiral, Pista da Xunqueira e Alameda-Palco da Música.

Polo aforo limitado será necesario mercar a entrada días antes. Prezo: 1 euro.

Sen entrada rogamos non acudan aos escenarios.

Nas intervencións urbanas e fanfarrias itinerantes, sempre con distanciamento e non acompañar.

MOI RECOMENDABLE:

Os/as espectadores/as deberán tomar a temperatura na casa antes de saír cara ao Festival.

Aqueles/as que dean 37º ou máis, NON deberán acudir.

Rogaríamos aqueles/as espectadores/as que non teñan entrada, que se informen moi ben antes de desprazarse a Redondela.

Nesta excepcional edición quedará suspendida a Ruada, o Mercadinho Titiriteiro así coma a programación Off de Títeres pola Gorra.

Moitas grazas pola túa imprescindible colaboración.

Recomendacións para o/a bo/a espectador/a

A principios de agosto presentaremos o programa de maneira dixital do XXI Festival Internacional de Títeres de Redondela. Memorial Juanjo Amoedo-2020.

Ademais teremos QR e taboleiros informativos de rúa coa programación completa.

Este ano NON haberá programa en papel, só o cartaz.

Faite co programa da maneira que queiras: descarga, QR, foto do taboleiro...

Xa co programa o/a espectador/a poderá decidir que funcións quere ir ver.

Recomendamos estudar o programa e seleccionar os espectáculos.

Para calquera espectáculo, de sala ou rúa, deberase acudir con entrada e máscara.

Lembra:

- Para calquera función de sala ou rúa, deberase retirar anticipadamente a entrada e usar máscara e xel.
- Deberase acudir ás representacións de sala ou rúa con marxe de tempo, mínimo 20 minutos antes.
- Os/as espectadores/as deberán pasar control de temperatura e aplicar xel.
- Deberase levar a máscara sempre, tamén durante as funcións.
- Os/as espectadores/as deberán aceptar a colocación adxudicada pola organización.
- Manter sempre a distancia mínima en tódalas representacións.
- Todas as entradas, de sala ou rúa, serán numeradas e terán o asento preadxudicado.
- Non se poderá acceder ao recinto de rúa ou sala unha vez comezada a representación.
- Apelamos á responsabilidade de cada quien para poder manter un Festival seguro para todas e todos.




Eme2 Produções (Galicia)

Compañía Eme2 Produções e distribución foi fundada en abril de 2001 como unha empresa dedicada a ofrecer servizos integrais para as artes escénicas. Dende Galicia apostou por tender pontes de diálogo cultural con outras comunidades do estado e do mundo, cunha visión aberta e multidisciplinar.

"Contacreques" (actrices e títeres de mesa) 50' espectáculo poético, divertido, ágil e desenfadado dirixido a un público familiar. Peza de creación propia con textos de Ricardo Combi, baseados en tres contos clásicos: O Reiseñor, Garavanciño e O Zapateiro e os trasnos.

Martes 1 ás 20.00h. Auditorio da Xunqueira (+4 anos)

<http://emedous.com/es/espectaculo/contacreques/>



Ángeles de Trapo (Andalucía)

Ángeles de Trapo é unha compañía familiar con máis de 30 anos de experiencia no eido do teatro de títeres, tratando sempre de innovar, sorprender e romper cos esquemas no mundo escénico, converténdose así nunha compañía referente na profesión.

As súas últimas producións deron a volta ao mundo obtendo varios premios.

"Error 404" (actor e varias técnicas) 50'

Un espectáculo sen palabras dirixido á mocidade e a unha sociedade cada vez máis dependente das novas tecnoloxías. Esta delicada e emotiva obra convida a reflexionar sobre o valor da vida e as marabillas que esta nos ofrece e que moitas veces pasamos por alto.


Premio Festival World Puppet Carnival, Rusia 2018

Premio Festival de Teatro de Títeres, Albania 2018

Premio Festival de Títeres de Toruń, Polonia 2018

Mércores 2 ás 20.00h. Auditorio da Xunqueira (+12 anos)

<http://www.angelesdetrapo.com/error404.html>





Cazando Gamusinos Teatro (Madrid)

Patricia Arroyo e Esther (Vera) González forman esta compañía para producir espectáculos que utilizan o teatro de obxectos como linguaxe principal e que poidan conquistar novos espectadores/as, incluso noutros espazos non convencionais.

"**Aypera, perita, pera!**"(actrices e bonecos) 45'
Tomasa leva máis de 40 anos rexentando un posto no mercado de abastos da súa cidade; vendendo froitas, verduras, carne e peixe. O mercado é a súa casa, ademais encántalle a radio, sempre ten sintonizada algúnsa emisora de copla ou chotis, as súas músicas favoritas. Tamén lle acompaña unha moza, María, que lle axuda a cargar as caixas e a lembrarlle todo aquilo que Tomasa esquece.

Xoves 3 ás 20.00h. Auditorio da Xunqueira (+4 anos)

<https://cazandogamusinosteatro.wordpress.com/>




Colectivo Cinema Sticado (Galicia)

O Colectivo Cinema Sticado naceu no 2015 e dende entón dedícase a xogar coa súa cacharrada analóxico-dixital para compoñer películas en directo, ante os ollos dos espectadores/as, cunha linguaxe propia. Ademais as súas dramaturxias xiran sempre arredor dos poderosos e a súa capacidade de manipulación. Cartón, obxectos, personaxes debuxados e sombras son os protagonistas das súas historias.

"**PYKA**" (teatro-cine ao vivo-música en directo) 90'
O punto de partida é un relato familiar de Helena Varela que sitúa a súa avoa Gelines como única testemuña dunha película de animación do director Sergei Eisenstein, en colaboración con Olga Lebèdev, e da cal só queda un documento sonoro e o seu título: PYKA.

Venres 4 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (+14 anos)

<https://cinematicado.com/es/>





Valeria Guglietti (Arxentina)

Especializada en espectáculos de teatro de sombras chinas para todo tipo de público, proxectadas coas mans á vista do público. A práctica desta disciplina e a investigación son fundamentais na súa carreira. Con esta técnica milenaria, viaxa polo mundo participando nos más importantes festivais internacionais.

"Sombra de cine" (sombras chinas)

Neste espectáculo homenaxeá á séptima arte, presentando escenas ou personaxes da historia do cine que pertenecen á memoria colectiva do/a espectador/a.

Sábado 5 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (+7 anos)

<http://www.sombraschinas.com/>



Tanxarina Títeres (Galicia)

Fundada en 1983, é unha das formacións más recoñecidas e prestixosas do teatro de títeres galego. A relación escénica entre títeres e actores vén sendo un dos sinais de identidade da compañía dende os seus inicios.

"A Galiña Azul" (actores e outras técnicas) 50'

Un espectáculo que fala da diversidade e da solidariedade, no que empregan diversas técnicas de manipulación de bonecos, traballo actoral, música e cancións.

Premio FETEN 2018 Mellor Espectáculo de Títeres

Premio María Casares 2018 Mellor Espectáculo Infantil

Domingo 6 ás 20.00h. Auditorio da Xunqueira (+6 anos)

"Titiricircus" (actores e marionetas de fio) 45'

Unha lembranza fantástica e festiva do gran circo de carpa alta e bicolor: a historia de dous vellos traballadores daquel circo que lembran agora as glorias do seu pasado na pista, nun permanente xogo participativo co público.

Xoves 3 ás 18.00h. Salgueiral (+3 anos)

<https://tanxarina.es/es/>





Tropos Teatro de Títeres (Madrid)

Fundada hai 22 anos por Guillermo Gil, director artístico do Teatro de Títeres do Parque do Retiro de Madrid. Estiveron presentes en numerosos festivais, obtendo recoñecementos como a candidatura aos Premios Max ou a mención especial no Festival de Teatro Clásico de Almagro.

"**Caperucita roja**" (mesa, luva e varias técnicas) 50'
Nesta versión é o pobre lobo quen sairía gañando se quedase na casa. Unha ra, un pitiño, a avoa e o cazador farán de el un pandeiro, ademais da mesmísima Carapucha que é unha traste de coidado.

Xoves 3 ás 19.00h. P. da Xunqueira (+3 anos)
Venres 4 ás 19.00h. P. da Xunqueira (+3 anos)

<https://troposteatro.com/catalogo/caperucita-roja>



Le Guignol Orthopédique (Madrid)

Compañía que inicia a súa actividade en Madrid no ano 2008, especializándose na tradición do títere de luva. A súa directora, Andrea Waitzman, integra e dirixe tamén outras compañías, festivais, ciclos e actividades de formación.

"**La primera luna llena del niño Lobo**" (luva) 45'
Un guíñol que conta a historia dun neno lobo que loita por cumplir os seus soños e está disposto a deixar atrás a lobeza tradición familiar, porque o que quere é ser pasteleiro.

Sábado 5 ás 19.00h. Salgueiral (+4 anos)



"**Es la hora de la cachiporra**" (bonecos de luva) 45'
Unha versión libre de cachiporra que ten coma referente o clásico "Juan y María en la calle de los fantasmas", de Javier Villafaña.
Acción trepidante, moitos sorrisos e unhas gotas de romanticismo danse a man de trapo nesta divertida función.

Venres 4 ás 18.00h. Salgueiral (+4 anos)
Domingo 6 ás 19.00h. Salgueiral (+4 anos)

<https://leguignolorthopedique.com/>



Os Monifates (Galicia)

"**Os Monifates**" (música e títeres de táboa) 20'
Cunha ampla experiencia na música tradicional, transmiten un son diverso e dinámico. Aínda que só se vexa un dúo, créase amplitude grazas á variada instrumentación que empregan. As súas actuacións contan ademais cunha parella de bailaríns (títeres de táboa).

Venres 4 (intervención urbana)

<http://www.culturactiva.org/gl/espectaculo/os-monifates>



Uxía Lambona e a Banda Molona (Galicia)

Un proxecto lúdico, musical e educativo, que pretende sobre todo divertir, converténdose nunha banda infantil de referencia.

"Astronauta Sideral" (músico-teatral) 50'

Recolle os clásicos populares galegos dándolle o seu toque particular, dende A Carolina "rapeada" ata O Ghato "rockeiro" pasando por outros moitos temas tradicionais, e algún que outro propio; todos eles moi dinámicos, facendo ao público participe deste "des-concerto", cheo de bailes, xogos, coreografías e algunha que outra sorpresa.

Venres 4 ás 20.00h. Casa da Torre

<https://uxialambona.es/>

The Turres Band (Galicia)

"A última verbena" (música e animación) 45'

Cun innovador repertorio musical cheo de ritmos coma o ska, swing, blues, música balcánica e mesmo música galega, ademais dun sentido do humor que fai que a súa proposta sexa ben diferente. Unha banda moi querida para este Festival coa que tantas veces bailamos.

Xoves 3 ás 20.00h. Xunqueira-Alameda
Sábado 5 ás 17.30h. Alfonso XII-Ribeira
Sábado 5 ás 21.30h. Ribeira-Alfonso XII

<https://turresband.com/>





Paco Nogueiras (Galicia)

Paco Nogueiras é un músico convertido a actor e un actor convertido en músico. Na actualidade forma parte da compañía Os Tres TENedORES e da Campaña de Animación á Lectura de Kalandraka. Os diferentes rexistros de Paco Nogueiras convérteno nun ser de espectáculo "todoterro".

"Brinca Vai!" (música e animación) 55'

Espectáculo no que se combinan cancións, animacións e interpretacións cos ritmos e rexistros más divertidos. Acompañade ao músico e actor Paco Nogueiras cos seus instrumentos e a súa querida "Máquina", nunha divertidísima viaxe chea de humor, baile e cancións.

Sábado 5 ás 13.00h. Palco da Música

<http://www.brincavai.com/>

Teatro Marionetas Trécola (Galicia)



Esta xa é a segunda xeración que conforma unha compañía que está a piques de cumplir 40 anos de historia. Amantes dos títeres e obxectos coma protagonistas da dramaturxia, apostan pola creación de espectáculos dende o seu comezo, cunha clara filosofía de autoprodución. A súa proposta escénica está baseada en anos de experimentación no manexo e construcción de diferentes tipos de marionetas.

"Tolitates" (varias técnicas) 45'


Unha obra sen palabras onde se mesturan teatro de obxectos, marionetas de fios, bunraku e guiñol. O protagonista é Tolitates, que movido por unha atracción se cadra máis tola ca el, sáltase todos os sinais de perigo e fuxe da cordura, sen pensar que pode sempre haber algúen máis transgresor ca el.

Sábado 5 ás 12.00h. Pista da Xunqueira (+3 anos)

Sábado 5 ás 18.00h. Pista da Xunqueira (+3 anos)

<http://marionetastrecola.com/>





Mutis Teatro (Castela-León)

Teatro Mutis leva máis de 25 anos de acá para alá con espectáculos para adultos/as e para todos os públicos, pero son fundamentalmente as súas montaxes para nenos e nenas os que fixeron que a compañía percorrese prazas, feiras e festivais de toda España.

Traballando sempre a partir de textos propios ou versións, buscan nos espectáculos a diversión do xogo escénico e a comunicación directa co público a través da emoción, a reflexión e a festa.

"Las aventuras de la intrépida Valentina"

(actriz/actor e varias técnicas) 50'

Valentina é inquieta, traste e decidida. Non soporta que lle digan que hai cousas que non pode facer porque é nena. Cando o monstro Zampalotodo ameaza a súa cidade ela propón unha solución...

Sábado 5 ás 20.00h. Casa da Torre (+4 anos)

Domingo 6 ás 13.00h. Pista da Xunqueira (+4 anos)

Domingo 6 ás 18.30h. Pista da Xunqueira (+4 anos)

<http://www.teatromutis.com/>

Fadunito Street Arts (Cataluña)


Fadunito é unha compañía internacional de teatro de rúa, que precisamente acaba de cumplir 15 anos de traxectoria, actuando en máis de 30 países diferentes nos festivais más relevantes. Ten un estilo propio e unha linguaxe escénica traballada que lle dá unha relación co espectador/a, dirixido claramente ao ámbito familiar e co humor coma vínculo.


"La gran Familia" (teatro de rúa) 40'

Que familia tan colorida! Unha nai e os seus fillos irán dar un paseo pola vila. Esta familia ten unha característica única, e é que son "grandes". Teatro visual que encherá as rúas e prazas cunha proposta teatral divertida.

Sábado 5 e Domingo 6 (intervención urbana)

<http://fadunito.com/>





Mircromina Títeres (Galicia)

Unha compañía enfocada ao público infantil e familiar, apelando ao humor, á intelixencia e á conciencia coa gran aspiración de divertir. Creada en Mondoñedo por Tom Arenas produce integralmente os seus espectáculos no obradoiro dos Títeres do Barrio dos Muíños, aberto a visitantes.

"A Familia unida" (bonecos de luva) 45'

Un clásico de luva, para gozar con mente aberta e corazón limpio, ao xeito dos Pulchinelos italianos e dos Punchs bretóns, con ancestros na península, nos Cristobitas, Barriga Verde e Don Roberto. Cromina Cachiporra é o heroe que todos levamos dentro!

Domingo 6 ás 12.00h. Palco da Música (+4 anos)

Domingo 6 ás 18.00h. Palco da Música (+4 anos)

<http://mircromina.es/es/espectaculos-es/>



Títeres Cascanueces (Galicia)

Creada en 1995 da man do titiriteiro Lázaro Duyos Jordán. Todos estes anos vén traballando coa idea de achegarlle ao público a esencia dos títeres, tanto en centros educativos, teatros ou festivais. O repertorio da compañía contén obras para todos os públicos, tratadas con diferentes técnicas de manipulación: luvas, marotes, esperpentos, mimados, peleles, marionetas, bocôns, luvas chinesas ou varas.

"Unha armadura con ferruxe" (luva) 45'

Un cabaleiro quedou preso na súa armadura, agora a súa familia non sabe cal é o seu aspecto. A súa esposa e o seu fillo loitan desesperadamente por liberalo, pero a cousa non é doada. Seguro que coa axuda do público atoparán unha solución.

Sábado 5 ás 19.30h. Palco da Música (+4 anos)

<http://titerescasanueces.blogspot.com/>





Troula (Galicia)

Comezaron no 2002 facendo espectáculos de animación infantil de pequeno formato, dando paso á súa auténtica paixón que é a animación de rúa, con máis de 20 espectáculos propios.

"Psychodelia" (Intervención urbana) 45'

Un espectáculo itinerante, no cal os diferentes personaxes móvense ao ritmo da música psicodélica, nunhas intervencións cheas de cor.

Domingo 6 (intervención urbana)

<https://troula-animacion.com/gl/espectaculosdecalle/psychodelia>



Mamá Cabra (Galicia)

Grupo pionero na música para público infantil. Na actualidade contan xa con un bo feixe de libros e discos editados coa editorial Galaxia.

"Eu cocíño, ti cocíñas?" (musico-teatral) 50'

Unha montaxe que combina teatro e música en directo. Timoteo cambiou o seu quiosco por un restaurante, pero as súas receitas teñen ingredientes moi especiais...

Domingo 6 ás 20.00h. Casa da Torre

<https://www.mamacabra.info/>



Pakolas (Galicia)

Paco Cerdeira lanza no 2017 o seu primeiro libro-disco en solitario "Pakolas", nome co que se presenta ante o público infantil.

"As parábolas de Pakolas" (Música) 50'

O eixo fundamental do espectáculo radica na combinación das cancións coa narración das historias e contos que nelas se recollen, cunha mensaxe final, e que forma así no conxunto, unha fermosa "parábola" musical.

Domingo 6 ás 12.30h. Salgueiral

<https://pakolas.com/>



Brassica Rapa (Galicia)


(música e animación. Itinerante) 45'

Grupo de música popular nado a finais do 2017 buscando darlle unha volta ao concepto de charanga. Formado integralmente por rapazas, ofrecen un espectáculo moi variado que mestura música instrumental e vocal coa multipercusión. O seu repertorio vai de grandes éxitos do pop á música tradicional galega, pasando por temas máis jazz, música actual reivindicativa ou bandas sonoras de películas.

Domingo 6 ás 19.30h. Concello-Alameda

Domingo 6 ás 21.30h. Balcón do Concello


<http://www.culturactiva.org/es/artista/brassica-rapa>



"Museo Carallás". Intervención urbana

Diferentes artistas plásticos recollen nas súas pinturas o seu sentir e visión do mundo do Títere, convertendo a Alameda nun Museo de Rúa.

Alameda. venres, sábado e domingo de 12.00 a 20.00h.
Artistas participantes: Beatriz Blanco, Pilar Fernández, Chelo Rielo, Ruth Rodríguez, Kiko Amoedo, Ángel Barros, Suso Ben e Xacobe Pérez.



Redondela é un Escaparate.

Exposición: "Os Monicreques de Kukas"

Redondela rende homenaxe ós Monicreques de Kukas, histórica compañía galega con máis de 40 anos de carreira artística, e o Festival quere ser cómplice da súa traxectoria.

Diferentes escaparates da vila de Redondela acollerán cartaces, monicreques ou elementos escenográficos que forman parte dos éxitos desta compañía.

Do 21 de agosto ao 7 de setembro

Escaparates participantes:

Prize, Barbería Juan Crespo, Fotografía & Audiovisual Cal-3, Librería La Imprenta, Foot on Mars, CopiCentro, Centroptica, Papelería Moliere, Disco-Tasca e Tien-21.

<http://www.titeresante.es/2019/02/monicreques-de-kukas-galicia-40-anos-de-vida-titiritera-por-jose-breijo-vidal/>